



DA FALA AO PRELO

**Textos en galego e sobre lingua
e literatura galegas na Biblioteca
da Real Academia Galega**

Fernando Pereira González


Xurxo Martínez González

ANEXOS BRAG

Da fala ao prelo (1800 - 1936)

Textos en galego e sobre lingua e literatura
galegas na Biblioteca da Real Academia Galega

Fernando Pereira González
Xurxo Martínez González



ANEXOS BRAG

Anexos BRAG 12

Edita

Real Academia Galega

© Real Academia Galega, 2025

© Fernando Pereira González, 2025

© Xurxo Martínez González, 2025

Cuberta

Debuxo de Camilo Díaz Baliño para a editorial Lar (1924-1928)

Deseño da colección

Xosé Díaz / Imago Mundi

Maquetación

Real Academia Galega

Impresión

Imprenta Mundo

ISBN: 978-84-17807-52-8

Depósito Legal: C-1817-2025

<https://doi.org/10.32766/rag.455>

REAL ACADEMIA GALEGA

Rúa Tabernas, 11

Apartado 557

15001 A CORUÑA

Tlf. 981 20 73 08

www.academia.gal



REAL
ACADEMIA
GALEGA




Concello da Coruña

Da fala ao prelo (1800 - 1936)

**Textos en galego e sobre lingua e literatura
galegas na Biblioteca da Real Academia Galega**

Fernando Pereira González

Xurxo Martínez González



PRESENTACIÓN

Biblioteca da Real Academia Galega

Agora que a Real Academia Galega cumpre 120 anos de vida é unha boa ocasión para darmos a coñecer parte do valioso material bibliográfico que se conserva na nosa institución. Facémolo por medio deste novo número dos Anexos do BRAG que leva por título *Da fala ao prelo (1800-1936)*, onde presentamos un catálogo dos libros e dos folletos existentes na Biblioteca da Academia que se publicaron entre os anos 1800 e 1936, dentro e fóra da Galiza, e que conteñen textos escritos en galego ou ben que tratan da lingua e da literatura galegas.

Como é ben sabido, ese longo período de máis de cen anos resultou ser de enorme importancia para acadar a consolidación do galego como unha lingua escrita. Foi entón cando o número de páxinas impresas en galego medrou enormemente, grazas sobre todo á produción de textos literarios, mais tamén grazas á confección dos primeiros dicionarios e gramáticas da lingua ou tamén debido á descuberta da vizosa literatura medieval. A diferenza das tres centurias anteriores, durante as cales o noso idioma —a pesar de ser a lingua falada pola gran maioría da poboación galega— apenas tivera presenza na imprenta, no espazo de tempo abranguido entre 1800 e 1936 o galego deixou de ser unha lingua unicamente falada e logrou tamén ter unha presenza significativa nas páxinas impresas. Infelizmente, a partir de xullo de 1936 os avances que se foran conseguindo neste ámbito foron proscritos durante décadas pola ditadura franquista.

No catálogo que aquí presentamos recóllense un total de 831 entradas, o que constitúe unha cantidade considerable de títulos, a pesar de que a nosa Biblioteca non posúe todas as publicacións saídas do prelo durante este período que foron escritas en galego ou que contiñan textos na nosa lingua. Hai que dicir tamén que quedan fóra desta compilación as publicacións periódicas monolingües en galego que existiron nesta época, así como os numerosos poemas, contos e artigos compostos en galego que apareceron noutros xornais e revistas redactados en castelán. Tampouco se incluíron no catálogo aquelas partituras que estaban acompañadas dun texto en galego.

Todas as entradas reunidas neste catálogo corresponden a edicións orixinais e van ordenadas alfabeticamente. Canto aos seus contidos, estes poderían dividirse idealmente en cinco categorías particulares atendendo á natureza ou á temática das obras, aínda que tamén sería posible incluír algunhas das entradas dentro de máis dunha categoría.

A primeira categoría —e tamén a máis numerosa— comprende todos os textos literarios de calquera xénero (poesía, narrativa ou teatro). A ela pertencen naturalmente as grandes obras do Rexurdimento e da xeración do 16, comezando con Rosalía de Castro e Pondal e chegando até Manuel Antonio e Castelao, así como os escritos de autores menos coñecidos. Dentro dela están ademais os textos máis antigos do período en consideración: as *Proezas de Galicia* de José Fernández y Neira (1810) e *Os rogos d'un gallego* de Manuel Pardo de Andrade (1813). Tamén forman parte desta categoría obras bilingües escritas en castelán e en galego, antoloxías que reúnen varios autores, traducións para o galego de textos escritos noutras linguas ou ben as distintas edicións dunha mesma obra aparecidas até 1936.

A segunda categoría comprende a prosa didáctica, é dicir, os ensaios redactados en galego acerca de temáticas diversas (historia, política, arqueoloxía, arte, historia natural...), sendo os seus autores en gran parte integrantes do Seminario de Estudos Galegos. Mais a ela pertencen tamén aqueles ensaios que, estando escritos noutros idiomas (castelán, portugués, inglés, alemán, italiano), tratan sobre a lingua ou sobre a literatura galegas. Aquí inclúense ademais os artigos de revistas que foron publicados á parte.

A un terceiro grupo pertencen os dicionarios, vocabularios e gramáticas do noso idioma, os estudos filolóxicos e incluso aquelas primeiras caracterizacións da lingua que formaban parte de obras máis amplas, como os traballos históricos de Leopoldo Martínez Padín e de Manuel Murguía ou a *Galicia médica* de Ramón Otero.

Os libros e folletos sobre literatura popular galega ou que recollen a literatura oral expresada a través de cantigas, contos ou refráns, conforman o cuarto grupo, cuxo título máis sobranceiro é o *Cancionero popular gallego* compilado por José Pérez Ballesteros. Desta categoría forman parte igualmente importantes achegas etnográficas de recolleita de literatura oral realizadas polos membros do Seminario de Estudos Galegos.

Por último, a quinta categoría abarca as edicións daqueles textos escritos en galego antes do século XIX. É obvio que a parte máis importante deste grupo corresponde ás edicións de textos medievais (*Crónica Troyana*, *Miragres de Santiago*, cancioneros...) e ás obras que ofrecen transcripcións de documentos en galego da Idade Media, comezando pola *Historia* y

descripción de la ciudad de la Coruña de Vedia y Goosens e as *Monografías de Santiago* de Neira de Mosqueira, para culminar coas importantes achegas de López Ferreiro, Martínez Salazar ou Villaamil y Castro. Mais nesta categoría tamén teñen un lugar as edicións das poesías galegas de Feixoo e dos escritos de Sarmiento en lingua galega.

Fóra destas cinco categorías queda un pequeno grupo formado por materiais heteroxéneos: catálogos de editoriais ou de librarías (Lar, Nós, Librería Gallega de Carré); programas de festas; ou ben documentos publicados por diferentes asociacións e organismos (Liga Gallega, Irmandades da Fala, Seminario de Estudos Galegos, Partido Galeguista, Ultreya).

Débase salientar que moitos dos exemplares que forman parte deste catálogo poden ser consultados en versión dixital a través de *Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia*, sitio que alberga unha importante colección pertencente ao fondo histórico da Biblioteca e da Hemeroteca da Real Academia Galega.

As páxinas do catálogo están precedidas por unha breve introdución onde se dá conta da historia da Biblioteca da Academia, feita por Fernando Pereira González; e mais por un estudo da autoría de Xurxo Martínez González que nos ofrece unha visión de conxunto dos contidos do catálogo centrada nas imprentas e nos lugares de impresión, nos xéneros literarios e naquelas obras máis curiosas ou que merecen ser destacadas. Ademais, o catálogo acompáñase dun pequeno anexo gráfico no que se mostran as cubertas e as portadas dalgunhas das obras da Biblioteca incluídas nel.

Para rematar esta presentación só falta por expresar o noso desexo de que a publicación deste catálogo —no que queda constancia da incorporación da fala galega á actividade dos prelos— sirva para poñer en valor a importante colección bibliográfica que se conserva na Academia, e que ademais isto contribúa a animar á lectura do farturento tesouro da lingua preservado nas páxinas dos libros e dos folletos que forman parte da nosa Biblioteca.

Os libros da Academia

Fernando Pereira González



OS LIBROS DA ACADEMIA

Fernando Pereira González

Biblioteca da Real Academia Galega

Se queremos falar dos libros da Academia cómpre comezar recoñecendo que escribir unha historia da Biblioteca da nosa institución non é unha tarefa doada debido á falta da documentación necesaria, especialmente para o período incluído dentro das décadas da ditadura franquista, pois durante eses anos a Academia viviu unha existencia precaria. Por ese motivo nas páxinas desta introdución non se pretende ofrecer unha narrativa completa acerca da historia da Biblioteca da Academia e dos seus contidos, senón que nelas se dan unicamente algunhas informacións básicas que nos permitan entender a formación do catálogo que aquí presentamos.

En realidade é só para as dúas primeiras décadas de vida da institución que podemos contar con abundantes datos sobre a creación da Biblioteca, grazas á conservación dos antigos libros de rexistro: trátase de catro cadernos manuscritos que abranguen dende o mes de decembro de 1905 até decembro de 1929 e nos cales están anotadas —ás veces case diariamente— as entradas de libros, folletos e revistas. En total, neses catro cadernos recóllense 11 296 entradas, o que nos permite ter unha idea moi clara de como se foi configurando a nosa Biblioteca durante eses anos. Hai que dicir tamén que unha parte desas noticias anotadas no rexistro foron aparecendo esporadicamente nas páxinas do *Boletín* da Academia a partir de 1906, dentro dunha sección titulada “Obras recibidas para la Biblioteca de la Academia”.

Desta maneira, grazas á información procedente do rexistro, sabemos que a primeira entrada dun libro tivo lugar o 19 de decembro de 1905, é dicir, pouco despois da constitución da Academia o día 4 de setembro dese ano e varios meses antes do acto oficial da súa inauguración celebrado o 30 de setembro de 1906. E sabemos tamén cal o foi a primeira obra que tivo a Biblioteca: os tres volumes do libro *Religiões da Lusitania* do erudito portugués José Leite de Vasconcelos, que foron doados á Academia polo propio autor. En total ao longo do primeiro ano de existencia da Biblioteca, dende setembro de 1905 até setembro de 1906, entraron nela 34 libros ou folletos.

Sobre todo por medio deses rexistros somos quen de nos facer unha idea non só de *que* obras entraron na Biblioteca, mais tamén de *como* esas obras pasaron a formar parte dela. Por exemplo, durante a presidencia de Manuel Murguía, entre 1906 e 1922, hai anotadas un total de 7517 entradas. E se agora analizamos a súa procedencia, observamos que unha ampla porcentaxe delas son doazóns, namentres que as compras e os trocos de publicacións foron moito máis escasos. Algunhas obras foron doadas polos seus propios autores, mais moitas delas proceden de doazóns puntuais feitas por outras persoas, principalmente por académicos ou por persoas que tiñan algunha relación coa Academia: Manuel Murguía, Uxío Carré Aldao, Andrés Martínez Salazar, César e Florencio Vaamonde Lores, Eduardo Pondal, Francisco Tettamancy, José Pérez Ballesteros, Manuel Amor Meilán, Antonio Rey Escariz, Julio Dávila... Mención á parte merecen aquelas grandes doazóns que supuxeron a entrada de varios centos de obras. E así podemos citar os 227 libros —maiormente dos séculos XVII e XVIII— procedentes do antigo mosteiro de Montefaro, doados polo Ministerio de Cultura e a Real Academia de la Historia, que entraron en 1919; a doazón en 1920 da biblioteca persoal de José Fontela Leal, con máis de 600 obras, moitas delas de temática galega; ou tamén a doazón dos 2040 volumes da biblioteca de Ángel Hermosilla. Por outra parte, a compra máis importante realizada neste período foron os 825 volumes que pertencieran ao avogado coruñés Juan Pérez López, rexistrados en xullo de 1920.

Durante a maior parte da presidencia de Manuel Murguía, a Academia e a súa Biblioteca estiveron situadas nunha casa da coruñesa rúa Rego de Auga. Posteriormente a necesidade de dispoñer de maior espazo fixo que en 1920 a institución trasladase a súa sede ao edificio do Concello, na praza de María Pita, onde a Biblioteca seguiu medrando até o traslado da Academia á sede actual da rúa Tabernas en 1978.

Sendo Murguía presidente, o primeiro responsable da Biblioteca foi Galo Salinas Rodríguez, quen resultou nomeado arquivista-bibliotecario cando se constituíu a Academia o 4 de setembro de 1905. A el sucedeuno en 1907 César Vaamonde Lores, quen se mantivo nese posto até a súa morte en 1942, sendo substituído por Juan Naya Pérez a partir de 1946 e até 1993. Como curiosidade hai que dicir que, a diferenza dos seus sucesores, estes tres primeiros arquivistas-bibliotecarios non foron membros numerarios da institución, senón unicamente académicos correspondentes.

Pasando agora aos anos posteriores á morte de Murguía en 1923, observamos que nos libros de rexistro aparece reflectida a mesma tendencia caracterizada polo predominio das doazóns e a menor cantidade de

compras e de intercambios. Porén, co cesamento das anotacións do rexistro en decembro de 1929 quedamos privados das detalladas noticias que aquel nos fornecía. A partir de entón, a información sobre a historia da Biblioteca será moito máis escasa, quedando limitada a algunhas noticias recollidas noutra documentación interna e nas páxinas do *Boletín* publicado pola Academia. Só moitos anos despois, a partir da década de 1990, a Biblioteca contará de novo cun rexistro de entrada de publicacións, primeiro manual e máis tarde informatizado.

A pesar da falta de noticias detalladas para o longo período abranguido entre 1930 e 1990, si que podemos ofrecer algúns datos de interese. Por exemplo, o continuo medre da Biblioteca ponse de manifesto no número de exemplares que vai reunindo ano tras ano e que coñecemos para determinadas datas: 11 296 en 1929 (libros, folletos e revistas); 16 000 volumes en 1934; 18 000 volumes en 1942; ao redor de 20 000 libros e 8 000 folletos en 1973; 29 000 libros e 12 210 folletos en 1991... Na actualidade nos seus andeis consérvanse ao redor de 52 000 libros, 19 000 folletos e 3 100 cabeceiras de revistas.

Outro dato importante refírese á procedencia dos exemplares, pois máis da metade (ao redor dun 70 %) proveñen de bibliotecas persoais. Destes fondos particulares integrados na nosa institución destacan algúns pola súa especial relevancia. Ademais dos xa mencionados anteriormente, cómpre salientar outros recibidos con posterioridade a 1936. En primeiro lugar hai que consignar a colección de libros, revistas e manuscritos que foron propiedade de varios membros da familia De la Iglesia (Antonio, Francisco María e Santiago) e que se entregaron á Academia en 1939, 1941 e 1944, e aos que hai que engadír unha doazón posterior realizada no ano 2009. Durante a segunda metade do século pasado podemos dar conta dunha serie de importantes adquisicións: os libros de Manuel Murguía, que pasaron a formar parte da Biblioteca logo da morte da súa filla Gala en 1964; a entrada dos libros de Galo Salinas en 1964; unha parte da biblioteca de Emilia Pardo Bazán, incorporada en 1978; un conxunto de libros procedentes da biblioteca de Luís Seoane, integrados en 1980; así como varios libros que pertencían a Leandro Carré Alvarellos doados en 1982. Máis recentemente hai que sinalar a entrada doutras bibliotecas particulares de grande interese: unha pequena, aínda que importante escolma de libros que pertencían a Antón Vilar Ponte, recibida no ano 2001; e tamén os libros e revistas que foron propiedade de Isidro Parga Pondal e de José Oxea, incorporados respectivamente nos anos 2003 e 2014.

Na actualidade as doazóns, realizadas por institucións ou por particulares, seguen enriquecendo os fondos bibliográficos da Academia. Porén, a diferenza de épocas anteriores, as compras regulares e o intercambio de publicacións constitúen hoxe a principal fonte de adquisición de libros para a Biblioteca.



Se agora centramos a nosa atención no catálogo de libros e folletos que publicamos aquí, que podemos afirmar acerca da orixe dos seus contidos?

Para empezar, cómpre dicir que a súa procedencia segue a mesma tendencia sinalada xa para a totalidade da Biblioteca da Academia: é dicir, na súa maior parte os contidos do catálogo proveñen de doazóns puntuais, ás veces feitas polos seus propios autores, ou ben da entrada na nosa institución de moitos libros por medio da cesión de bibliotecas particulares. Pola contra, as compras e os intercambios supoñen unha porcentaxe moito máis pequena. Tamén se debe destacar que en gran número de casos o catálogo rexistra a existencia de varios exemplares dunha mesma obra, algo que se debe a que esa obra entrou varias veces na Biblioteca a través de distintas procedencias, a miúdo porque estaba incluída dentro de diferentes fondos persoais.

A este respecto, a consulta dos antigos libros de rexistro é de grande interese para sabermos de onde proveñen moitos dos contidos do catálogo, pois durante os anos que abrangue ese rexistro —de 1905 até 1929— apareceron unha boa parte dos libros e dos folletos que encontraremos nas páxinas da presente publicación. Así, grazas ao rexistro, sabemos que dos títulos que constan no noso catálogo publicados antes de 1930, ao redor dun 80 % entraron na Biblioteca entre 1905 e 1929, o que supón un total de máis de 500 exemplares. Isto demostra que a Biblioteca da Academia, dúas décadas despois da súa creación, xa contaba cunha importante colección de obras en galego ou que falaban sobre a nosa lingua e a nosa literatura. E incluso podemos saber cal foi o primeiro libro en galego que entrou na Biblioteca: foi o poemario *Os calaicos* de Florencio Vaamonde, a entrada do cal consta o día 20 de decembro de 1905 como unha doazón do seu autor, sendo ademais o terceiro libro que está anotado no rexistro. Deste poemario aínda existen outros catro exemplares na Biblioteca que formaron parte de distintos fondos particulares: de José Fontenla Leal, de Galo Salinas, de

Antón Vilar Ponte e de Isidro Parga Pondal, aínda que o exemplar deste último fondo pertenceu orixinalmente a Enrique Peinador.

Canto á súa procedencia, sabemos que a meirande parte deses libros e folletos do catálogo recibidos na Academia antes de 1930 proveñen de doazóns. Mais a natureza desas doazóns podía ser diversa. Algunhas eran un obsequio á Academia dos propios autores das obras, normalmente realizado pouco despois da súa publicación. Talvez sexan estas as doazóns máis interesantes, pois son un testemuño elocuente da relación de numerosos literatos e estudosos coa Academia. Neste caso a nómina de doadores é moi numerosa e nela tamén se inclúen varios académicos e algúns dos presidentes da institución: Manuel Murguía, Andrés Martínez Salazar, Florencio e César Vaamonde Lores, Uxío Carré Aldao, Eladio Rodríguez González, Aurelio Ribalta, Manuel Lugrís, Francisco Tettamancy, José Pérez Ballesteros, Francisca Herrera Garrido, Manuel Leiras Pulpeiro, Leandro Carré Alvarellos, Gonzalo López Abente, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Armando Cotarelo Valledor, Xosé Filgueira Valverde... Neste amplo grupo de doadores tamén hai que incluír autores estranxeiros como José Leite de Vasconcelos, Carolina Michaëlis de Vasconcelos, José Joaquim Nunes, Silvio Pellegrini ou Fritz Krüger, quen regalaron á Biblioteca algúns dos seus traballos acerca da lingua e da literatura galegas.

Porén, noutras ocasións as obras foron ofrecidas á Academia por alguén que non era o seu autor. Nalgúns casos tratábase de persoas que tiñan unha relación familiar cos escritores. Así Murguía doou exemplares de *Cantares gallegos* e de *Follas novas* da súa dona Rosalía. E o fillo de Manuel Curros Enríquez, Adelardo, fixo entrega de varios volumes dunha nova edición dos escritos do seu pai. Noutros casos unha mesma persoa —que con frecuencia era un académico— doaba libros de autores diferentes e desta maneira contribuía ao enriquecemento da Biblioteca. Unha mostra destacada disto foron as doazóns realizadas repetidas veces polo académico Uxío Carré Aldao, das cales proceden numerosos exemplares que encontramos no catálogo. Tamén temos constancia da doazón que Andrés Martínez Salazar fixo no ano 1909 dos volumes da colección Biblioteca Gallega que el mesmo editaba. E dentro desta modalidade de doazóns, poderíamos comprender a entrega de bibliotecas particulares, algunhas tan importantes como a de José Fontenla Leal —enviada dende A Habana e integrada na Academia en 1920— e que destaca pola gran cantidade de libros de temática galega que contiña, moitos dos cales están presentes no catálogo, entre eles as edicións dos cancioneiros medievais da Biblioteca Vaticana e de Colocci-Brancutti realizadas por Ernesto Monaci e Enrico Molteni.

A última modalidade de doazóns eran aquelas realizadas por institucións ou por asociacións, aínda que delas temos moi poucos exemplos no rexistro que se refiran ás obras do catálogo. Podemos citar o donativo da Liga Gallega da Coruña (o seu *Regramento*); o do cabido da catedral de Santiago (os once volumes da *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, de Antonio López Ferreiro); e os do Seminario de Estudos Galegos (varios traballos publicados por este organismo). Quizais tamén debemos incluír aquí aquelas obras que no rexistro constan como procedentes da editorial Lar e que se corresponden coa colección de novelas que esa editorial publicou entre os anos 1924 e 1928.

Moitos menos son os libros e folletos do catálogo que aparecen rexistrados como entradas procedentes dunha compra, aínda que en ocasións se trata da adquisición de obras relevantes. Delas hai que destacar a compra dun exemplar dos *Contos da miña terra* de Rosalía de Castro; outro d'O *Mariscal* de Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte; o *Álbum de la Caridad*; os dicionarios de Juan Cuveiro e de Marcial Valladares; os dous volumes das *Cantigas de Santa María* editados pola Real Academia Española; así como varias novelas das coleccións ¡Terra a Nosa! e Céltiga, entre elas *Un ollo de vidro* de Castelao. Seguramente a precaria situación económica que experimentou a Academia durante unha boa parte da súa existencia explica que durante o período de 1905 a 1929 o número de compras de libros sexa moi inferior ao das doazóns.

Verbo daqueles títulos do catálogo que no rexistro constan como adquiridos por intercambio, é posible mencionar un troco de libros realizado no ano 1912 entre a Academia e a Biblioteca do Consulado da Coruña, por medio do cal a primeira obtivo, entre outras obras, os sete volumes da *Historia de Galicia* de Benito Vicetto, o *Cancionero popular gallego* de José Pérez Ballesteros e o *Diccionario gallego-castellano* de Francisco Javier Rodríguez. Tamén quedou constancia do intercambio co Seminario de Estudos Galegos, rexistrado en 1929, grazas ao cal a Academia podía recibir as publicacións deste a cambio do seu *Boletín*.

Dende o ano 1930 en adiante xa non contamos cun rexistro da Biblioteca que nos poida axudar a rastrexar a orixe das obras recibidas a partir de entón. Ao mesmo tempo eran moi escasas as noticias que o *Boletín* da Academia achegaba esporadicamente acerca da entrada de libros e ademais esa información foi desaparecendo logo da morte de César Vaamonde Lores —arquiteiro-bibliotecario dende 1907— no mes de xullo de 1942. De todos os xeitos, si que é posible afirmar que despois de 1930 entraron na Biblioteca non só aqueles libros e folletos do catálogo que se publicaron a partir desa

data, senón tamén obras aparecidas anteriormente que aínda non se encontraban nos andeis da Academia. Mais, noutros casos, as novas incorporacións recibidas con posterioridade a 1930 foron títulos que xa formaban parte da colección reunida pola institución durante os anos anteriores, o que explica que no catálogo a miúdo sinalemos a existencia de varios exemplares para un mesmo título.

Mencionei anteriormente que durante a segunda metade do século pasado tiveron lugar varias incorporacións de bibliotecas particulares que contribuíron a aumentar a colección bibliográfica da Academia. Como era de agardar, esas bibliotecas contiñan exemplares dalgunhas obras das que nos estamos a ocupar aquí e por iso o catálogo inclúe libros e folletos que outrora pertenceron a Manuel Murguía, a Emilia Pardo Bazán ou a Galo Salinas. Ademais, moitos deses exemplares presentan interesantes dedicatorias dos autores das obras: por exemplo, de Ramón Cabanillas e de Francisca Herrera a Murguía; de Manuel Curros Enríquez e de Manuel Lugo a Emilia Pardo Bazán; ou de Francisco Vaamonde a Galo Salinas.

Outras dúas bibliotecas particulares conservadas na Academia que merecen ser destacadas polas súas achegas ao catálogo son a do xornalista e escritor Antón Vilar Ponte, quen recibiu o nomeamento de académico en 1934; e a do xeoquímico Isidro Parga Pondal, nomeado académico no ano 1960, a cal incorpora ademais libros que pertencieran antes a Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas e Enrique Peinador procedentes do balneario de Mondariz. Nos dous casos, os fondos bibliográficos constan dun conxunto importante de libros e de folletos escritos en galego e por algúns autores que foron amigos e correligionarios de Vilar Ponte e de Parga Pondal. Os exemplares desas obras están recollidos no presente catálogo e son de especial interese aqueles que conteñen dedicatorias, entre as que encontramos as de coñecidos escritores como Eduardo Blanco Amor, Ramón Otero Pedrayo ou Vicente Risco.

A pesar de que a colección que mostramos aquí se nutre maiormente de doazóns, non quero rematar esta introdución sen facer referencia á adquisición por compra de cinco importantes obras escritas en galego que ademais son as máis antigas do noso catálogo. Trátase dos seguintes títulos: as *Proezas de Galicia* (1810) de José Fernández y Neira; *Os rogos d'un gallego establecido en Londres* de Manuel Pardo de Andrade (con dúas edicións, de 1813 e 1841); as dúas *Tertulias na Quintana* (1820); e mais o *Diálogo entre Dominjos e Farruco* (1820). A compra deses exemplares realizouse no ano 2000 e foron mercados a Antonio Martínez-Morás y Soria, neto de Andrés Martínez Salazar. É probable que algúns deses exemplares pertencesen

primeiramente a quen foi o segundo presidente da Academia, pois en 1893 Martínez Salazar sacou do prelo unha nova reimpresión das *Proezas de Galicia* na súa colección Biblioteca Gallega. Na Academia consérvase outro exemplar da edición orixinal desta obra que pertenceu a Emilia Pardo Bazán e que formaba parte dun conxunto de obras escritas en galego presentes na extensa biblioteca da escritora.



Este rápido percorrido por algúns dos feitos que contribuíron á formación da Biblioteca da Real Academia Galega permitiunos dar a coñecer unha serie de informacións relativas á procedencia do conxunto de libros e de folletos nos que se fai patente a crecente presenza escrita do noso idioma a partir do século XIX. Como se poderá comprobar a través da lectura do catálogo, a colección conservada na Academia reúne moitas das obras desa natureza que foron publicadas entre 1800 e 1936, aínda que non a totalidade dos títulos saídos da imprenta nesa época.

Mais a historia da Academia continúa e temos a confianza de que nos anos que aínda están por vir se produzan novas incorporacións á nosa Biblioteca que sigan enriquecendo a importante colección mostrada nas páxinas deste libro.

Anacos librescos

Xurxo Martínez González



ANACOS LIBRESCOS

Xurxo Martínez González

ORCID: 0009-0000-0797-8675

BREVE EXPLICACIÓN PREVIA

Á hora de enfrontarnos á análise desta vasta documentación libresca cómpre aplicarmos un filtro cronolóxico, para xebrar os libros do século XIX daqueles publicados entre 1900-1936, e fixar uns criterios co fin de organizar o traballo. Nós consideramos os seguintes catro parámetros: editorial/imprenta, lugar de publicación, xénero literario e libros curiosos. O propósito é ofrecer un mínimo retrato deste almanaque literario.

Mais, antes de meterse en fariña anotaremos dúas cuestións na medida en que condicionan a diagnose. Por unha banda, a cantidade de libros conservados na Biblioteca da Real Academia Galega (RAG) non se corresponde co total da produción en galego habida no treito temporal a estudar (1800-1936).¹ Neste sentido atopamos ausencias notables como son *A casamenteira* (1849), de Antonio Benito Fandiño; *Cantares gallegos* (1911), de Manuel Leiras Pulpeiro; *A fiestra baldeira* (1927), de Rafael Dieste; ou *Poemas do si e do non* (1933), de Álvaro Cunqueiro. En consecuencia, téñase en conta este dato para entender que o noso estudo se fai a partir dos libros custodiados na Academia, pero non do conxunto da produción literaria en galego en case século e medio. Pola outra banda, a relación de libros inclúe volumes non integramente en lingua galega; é dicir, inclúense aqueles volumes redactados en castelán pero que conteñen apartados, anexos ou escolmas en lingua galega. Pensemos en *De la poesía popular gallega* (1877), de Milà i Fontanals; ou *La literatura gallega en el siglo XIX* (1903), de Carré Aldao.

¹ Agradecemos a Fernando Pereira, bibliotecario da RAG, a relación dos títulos que atesoura a institución.

A miscelánea aquí analizada integrouse na Biblioteca da RAG sobre todo mediante doazóns particulares. Aínda que hai libros de diversas procedencias, cómpre destacar aqueles que formaron parte dos andeis de Manuel Murguía e Antón Villar Ponte, dúas figuras cimeiras da nación.

Finalmente, o obxectivo deste estudo é a reflexión xeral sobre o conxunto, e non ofrecer un comentario libro a libro. Parécenos máis produtivo para unha aproximación a este material e para ofrecer unhas liñas conclusivas que, trazo groso, poidan servir de guía á hora de achegarse á literatura en galego nese treito temporal.

EDITORIAL E IMPRENTA. SÉCULO XIX

A imprenta de Juan Compañel gañou un posto na historia literaria galega por *Cantares gallegos* (1863) de Rosalía. Ademais, sacou do prelo outras obras do matrimonio Murguía de Castro escritas en castelán, como *Diccionario de escritores gallegos* (1862), impreso con papel de La Cristina, a fábrica de papel aínda en pé á beira do Lagares (Lavadores, Vigo). Canda el aparécenos outro nome de impresor vencellado ao Rexurdimento, como é o de Manuel Soto Freire, quen publicou a *Gramática gallega* (1868), de Juan Antonio Saco Arce, ou outras obras da mencionada parella.

Pola contra, nin un nin o outro son representativos da publicación de libros en lingua galega. O proxecto editorial de maior importancia, en canto ao volume de publicación e en canto aos títulos publicados, foi sen ningunha dúbida a Biblioteca Gallega, fundada en 1886 na Coruña polo maragato Andrés Martínez Salazar.² O promotor, director do Arquivo do Reino de Galicia, contaba dende 1881 cunha librería (sita na rúa Real e despois en Rego de Auga) e cunha imprenta de nome La Gutenberg.

Esta empresa letrada formouse arredor do núcleo de amigos de Manuel Murguía, o ideólogo do Rexurdimento, e do proxecto político rexionalista. Axiña serían alcumados de Cova Céltica como parladoiro intelectual con sede na librería La Regional, agora propiedade de Carré Aldao tras mercarlle o negocio ao referido Martínez Salazar en 1891. Como curiosidade, Carré tamén lle tomaría prestado o nome *Gutenberg*, pero non para o negocio editorial senón para ingresar na masonería.

En todo caso, lonxe de anécdotas, Salazar e Carré convertéronse nos editores da maioría das obras decimonónicas aquí tratadas. Con todo, o pé

² No inicio, o proxecto compartiuno con Fernández Latorre (propietario e director de *La Voz de Galicia*) até 1887, cando continúa en solitario.

de impresión varía: *Queixumes dos pinos* (1886), de Pondal, sae da imprenta de *La Voz de Galicia* so edición Latorre e Martínez; *Contiños* (1888), do excombatente da Revolución de 1846 Benito Losada, cunha curiosa portada atribuíble a Urbano González (tío do grandísimo artista Urbano Lugrís), saíu da imprenta de José Míguez Peinó y Hermanos en edición de Martínez Salazar; ou as *Chorimas* (1890) dun Alberto García Ferreiro necesitado dunha revisitación da súa obra e biografía, impreso na Tipografía de La Casa de Misericordia dentro da colección Biblioteca Gallega.

En consecuencia e como era esperable, os editores non sempre contaron cunha imprenta propia. Pola contra, si hai exemplos en que exerceron ambos os oficios. *¡Filla!* (1892), unha peza dramática de Galo Salinas, aparece co seguinte pé: “Imprenta A Gutenberg. Rúa d’a Barreira, número 19”; ou o *Resume da historia de Galicia* (1898), de Florencio Vaamonde, co seguinte rezo: “Emprenta e Librería de Carré. Rúa Real, número 30”.

Á súa vez, Martínez Salazar e Carré Aldao exercían de notables difusores da literatura galega a través de dúas memorables iniciativas xornalísticas: *Galicia. Revista regional* (1887-1893), dirixida precisamente por Salazar, e *Revista Gallega* (1895-1907), dirixida por Galo Salinas con Carré Aldao na redacción. Quérese dicir, pois, que o mercado literario rexurdimentista tiña na Coruña un dos espazos máis sólidos en canto á produción literaria, consumo por parte do público e difusión na prensa.

Pero o grupo rexionalista da Coruña estaba acompañado doutros editores, impresores e tipógrafos que sacaron nesta cidade máis libros galegos. Algúns de maneira puntual ou anecdótica, outros con maior frecuencia pero nunca ao nivel dos citados Salazar e Carré. Ademais, estes dous rexionalistas deron á luz moitas outras obras que, estando en castelán, constitúen parte do noso acervo cultural e material necesario para o estudo da constitución do imaxinario nacional colectivo; é dicir, fundar a idea de nación no pobo galego.

En ocasións volvemos atopar o nome de Andrés Martínez Salazar como editor de obras fóra da colección Biblioteca Gallega. É o caso de *Foguetes* (1888), de José Pérez Ballesteros; ou d’*O divino sainete* (1888), de Manuel Curros Enríquez, edición que cedo lle valería a inimizade dunha Emilia Pardo Bazán ofendida polos ataques do escritor celanovés. O curioso é que no libro impreso non aparece por ningures o nome de Salazar, malia ser unha edición cunha portada e contraportada de gran factura.

Estas dúas últimas obras saíron do Establecemento Tipográfico de la Papelería de Ferrer. Realmente Pedro Ferrer é máis coñecido pola súa faceta fotográfica, en especial polo seu enorme álbum *Portfolio de Galicia*,

que retrata a Galiza do seu tempo, en particular A Coruña. Pero a actividade impresora da súa familia sitúaa entre as imprentas herculinas responsables da publicación de libros senlleiros. A actividade de Ferrer continuaría nos comezos do século xx poñendo na rúa obras de Manuel Lugo Freire, Nan de Allariz, Francisco Tettamancy, Manuel Murguía ou do propio Martínez Salazar.

A esta lista de impresores coruñeses quedáanos por engadir José Puga, fillo de Domingo Puga, a quen Soto Freire en *La imprenta en Galicia* destaca por ser o primeiro en usar o sistema Marinoni. A estirpe impresora, ligada aos xornais provincialistas da metade de século,³ publicou *Os afillados do demo* (1885), un conto en verso que Martelo Paumán lle dedica a Eduardo Pondal. A fins de 1894 decide venderlle a maquinaria a Uxío Carré Aldao.

Agora imos a Lugo para encontrarnos cunha imprenta de notable produción en galego, e non se trata de Soto Freire. Na derradeira década do XIX as máquinas de *El Regional* imprimen varios títulos incluídos no noso catálogo. Esta imprenta, propiedade de José Fernández Carballo e con enderezo en San Marcos, éraa do xornal de igual nome publicado entre 1885 e 1931, de claro acento rexionalista e republicano. A este periódico vincúlase unha nómina de coñecidos propagandistas político-culturais coma son Aureliano Pereira ou Manuel Amor Meilán, quen exerceron a dirección do xornal.

En canto á publicación de libros, destacan as obras do propio Aureliano Pereira *Poesías* (1891) e *A cova d'a serpe* (1892), así como o seu discurso *El regionalismo y la poesía gallega* (1895), conferencia na cal ensambla política e cultura para comprender o Rexurdimento. Tamén aparecen as obras do médico Xesús Rodríguez López, *Costumbres gallegas. A malla* (1894) e *A cruz de salgueiro* (1899), unha longa novela monolingüe.

Rodríguez López, home unido ao Orfeón Gallego fundado por Xoán Montes, presenta unha prolífica obra situada entre séculos. Por exemplo, temos o extenso poemario *Cousas d'as mulleres* (1890), impreso en Lugo por Villamarín, ou *Pasaxeiras* (1898), impreso en Madrid por Ricardo Rojas.

A outras imprentas galegas, repartidas pola Galiza urbana, débémolles a aparición de libros de especial interese. É o caso da imprenta pontevedresa a cargo de José Alfredo Antúnez (propietario ademais dunha librería), que en 1868 imprime *El habla gallega* (1868) de Xoán Cuveiro, outro

3 Da imprenta de Domingo Puga saíron cabezallos coma *Fomento de Galicia* (1845), *Boletín Mercantil e Industrial* (1847), *El Iris de Galicia* (1857), *El Fomento de Galicia* (1858) ou *La Ilustración de la Coruña* (1860-1864). Tamén a *Historia y descripción de la ciudad de la Coruña* (1845), de Vedia y Goosens, que contén algunhas liñas en galego.

excombatente exiliado tras a Revolución de 1846; ou *Estrugas* (1894), do activista Roxelio Lois Estévez, promotor da protección das ruínas de San Domingos de Pontevedra e da Sociedad Arqueológica, semente do actual Museo de Pontevedra.

Non deixamos a cidade do Lérez, pois a imprenta de Luís Carragal y Puga, con enderezo na rúa da Oliva, imprime *Pelra... antre seixos* (1888), do mencionado Roxelio Lois, e unha interesante *Colección de poesías gallegas* (1882), con prólogo de Luís Rodríguez Seoane e edición ao coidado de Francisco Portela Pérez. Dous autores ligados ao Rexurdimento cunha activa vida sociocultural na cidade do Teucro. Malia que o título aparece en castelán, os poemas escolmados están todos en galego, xa que Portela Pérez é un dos primeiros antólogos en practicar o criterio filolóxico á hora de tratar a literatura galega.

En Santiago de Compostela, a cidade con maior tradición impresora en anteriores séculos, atopamos títulos de valor histórico como os publicados en 1820 no obradoiro de Manuel Antonio Rey, coñecido como “Rei Chiquito”: as dúas “tertulias na Quintana” e o *Diálogo entre Dominjos é Farruco*. Mais no transcorrer deste século XIX, a vida do libro en galego en Compostela foi discreta. Citemos, en calquera caso, os saídos das máquinas de Jesús Alende: *O fillo d’os tronos* (1888), de Heraclio Pérez Placer, ou a segunda edición d’*O castelo de Pambre* (1895), de Antonio López Ferreiro; ou a interensante *Galicia médica. Apuntes para servir al estudio de la geografía médica de Galicia* (1867), do gaditano Ramón Otero Acuña.

Finalmente, de entre outras imprentas, queremos citar a de Antonio Otero en Ourense. Do seu establecemento saíron *Volvoretas* (1887), de García Ferreiro, ou *Follatos* (1891), que asina Filomena Dato Muruais con dedicatória impresa á infanta Isabel Francisca de Borbón e dedicatória manuscrita a Emilia Pardo Bazán “Gloria de Galicia”. Pero a obra máis célebre foi *Aires d’a miña terra* (1880), de Manuel Curros Enríquez, por razóns sobradamente coñecidas. Engádase, ademais, a conservación do *Informe oral pronunciado por Luciano Puga y Blanco en defensa de D. Manuel Curros Enríquez* (1881), que publicaría a imprenta de *El Noroeste* da Coruña.

Na posdata desta epígrafe citaremos as imprentas máis salientables con sede fóra de Galiza. E comezaremos con La Propaganda Literaria, localizada na illa de Cuba e propiedade dun Alejandro Chao tan ligado ao Rexurdimento por medio da amizade cos Murguía de Castro. Do negocio de Chao na Habana apareceron as *Follas novas* (1880), de Rosalía de Castro, e a segunda edición de *Aires d’a miña terra* (1881), logo de sufrir de maneira temporal a censura e a persecución.

LUGAR DE PUBLICACIÓN. SÉCULO XIX

Ao fío do anterior apartado resulta evidente a cidade na cal se imprimiron máis libros dos incluídos na listaxe obxecto da nosa análise: A Coruña. A urbe herculina configúrase dende este tempo como unha alcazaba da cultura impresa, tanto pola publicación da prensa comprometida co país coma coa empresa editorial e coa actividade ligada á literatura.

As iniciativas do grupo rexionalista, capitaneado por Manuel Murguía, consolidaron un mercado literario galego. Este mercado continuará no século xx, como logo veremos, con iniciativas editoriais definitivas para asentar a produción en galego como foron Lar e despois Nós, impulsadas por Leandro Carré Alvarellos e Ánxel Casal.

En termos numéricos, os libros impresos na Coruña durante a centuria decimonónica non teñen parangón co resto de Galiza. A cantidade é enorme de comparármola coas seguintes localidades en número de impresións: Ourense, Lugo, Pontevedra, Santiago de Compostela e Madrid.

A cidade do Lérez mantivo dende ben cedo unha próxima relación co Rexurdimento. Alí celebráronse os Xogos Florais de 1861 pouco despois dos primeiros da Coruña; ou os Xogos Florais de 1886, organizados polo xornal monolingüe *O Galiciano*, durante os cales Murguía pronunciou un potente discurso político obxecto de debate e polémica na esfera pública. En consecuencia, a relación da urbe coa cultura galega foi intensa ao longo de tantas décadas.

En todo caso, dos libros conservados na Academia a maioría dos impresos en Pontevedra son dun mesmo autor, Roxelio Lois, e varían de imprenta: Antúnez, Eiras, La Oliva, La Opinión, Madrigal e Carragal.

Ademais de Compostela e Lugo, mencionadas con máis detalle na anterior epígrafe, destaca a cidade de Ourense. Pero sucédelle, en parte, algo parecido a Pontevedra: a maioría das obras son dun mesmo autor, Valentín Lamas Carvajal, e impresas en distintos obradoiros tipográficos: Galaica, José Manuel Ramos, La Propaganda Gallega e El Eco de Orense. Non esquezamos a potencia xornalística de Lamas na cidade abeirada ao Miño, cos xornais por el dirixidos: *El Heraldo Gallego* (1874-1880) e *O Tío Marcos d'a Portela* (1876-1877 / 1883-1889). A obra *Catecismo d'a doutrina labrega* acadaría pronto un éxito que o levou a ser impreso unha e outra vez, tanto en Ourense coma fóra de Ourense, até ser o máis editado de entre os autores rexurdimentistas. No ano 1929, dende a imprenta de *La Región*, saía a décimo oitava edición!

Ourense tamén sería o primeiro lugar en que saíron obras como as *Poesías* (1878) de Saco Arce, que abrirían unha discusión pública sobre o

uso do galego en determinadas temáticas (por exemplo, a relixiosa); ou as *Coroas* (1876, 1877, 1879) en memoria de Teodosio Vesteiro Torres, tras o seu suicidio no madrileño Prado.

O peso da emigración fíxose notar. Ademais da referenciada e reverenciada *Follas novas* de Rosalía de Castro, na Habana apareceron obras de especial pegada para a sociedade do seu tempo. Referímonos ao estudo dedicado á obra de Curros Enríquez *Aires d'a miña terra* (1883), dun Waldo Álvarez Insua adaíl da causa rexionalista e un dos dirixentes máis activos do poderoso Centro Galego da Habana; e referímonos tamén á zarzuela *¡Non máis emigración!* (1886), con letra de Ramón Armada Teixeira e música de Felisindo Rego, que se converteu nun verdadeiro éxito tras a súa estrea o 10 de abril de 1886 no Teatro Tacón.

Cómpre subliñar os inicios literarios de Manuel Lugrís Freire, quen sería presidente da Academia Galega, con obras como *Soidades* (1894) ou coa fundación e dirección do primeiro xornal monolingüe na emigración, *A Gaita Gallega* (1885-1889). Na Habana tamén tivo lugar a inauguración literaria de Florencio Vaamonde con *Os calaicos* (1894), quen coma Lugrís formaba parte do círculo de Murguía aínda que non vivirá a experiencia migratoria.

Madrid é outro dos lugares con maior número de libros en galego ou vencellados á lingua galega conforme aos criterios enunciados no principio deste traballo. En varios casos son reedicións de libros xa publicados en Galiza, como acontece con *Espiñas, follas e frores* (1877) de Lamas Carvajal (impreso por Manuel Tello) ou a edición ampliada de *Cantares gallegos* (1872) de Rosalía (impreso por Leocadio López).

Por último, localizamos imprentas en lugares que puntualmente realizaron algún encargo. Neste marco, atopamos a vila de Luarca, onde Noriega Varela publica *De ruada* (1895); Barcelona, onde Xoán Cuveiro publica o seu *Diccionario gallego* (1876); Betanzos, coas *Orballeiras* (1887) do cubano Fernando García Acuña, fillo de brigantinos emigrados na illa; ou emprazamentos dispares, que imprimiron literatura medieval galega, sobre todo cancioneros: Halle, Leipzig, Lisboa e Porto.

Para rematar este apartado citaremos os *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), do brigadier Antonio Fernández Morales, nado na bisbarra do Bierzo, que supuxo o segundo libro en galego do Rexurdimento tras a publicación d'A *gaita gallega* (1853) de Xoán Manuel Pintos.

XÉNERO LITERARIO. SÉCULO XIX

A poesía será dominante en todo o século XIX. A consideración da lingua galega como un idioma propicio á versificación e o inicial impulso da estética romántica ao xénero lírico axudan a explicar, en parte, a súa predominancia.

Malia que a novela vaia gañando espazo na esfera pública cultural ao longo da segunda metade do XIX e os gustos mudasen á par das novas correntes literarias (naturalismo, realismo...), a poesía en galego proseguíu como o gran soporte das letras galegas. Se a calquera persoa lle falamos de literatura galega do Rexurdimento resulta probable que teñan na mente os títulos de libros en verso. Rosalía, Curros, Pondal, Lamas Carvajal... ou incluso os citados escritores máis cinguidos ao seu lugar coma Aureliano Pereira en Lugo ou Roxelio Lois en Pontevedra. A maioría é poesía.

O cambio á novela chegará no ocaso decimonónico, e farao nun contexto de tensión política arredor do valor da lingua e do seu poder supralingüístico. Referímonos ao contexto da Restauración, o inicio da modernización do Estado español so a tutela de Cánovas del Castillo e o incremento na tensión do debate político identitario entre un rexionalismo emerxente e un españolismo reactivo, que ben poden encarnar escritores como Juan Valera, Galdós ou Emilia Pardo Bazán.

O teatro conseguiría a finais de século aparecer en galego con cálida acollida. As obras de Francisco María de la Iglesia ou a citada de Armada Teixeira son exemplos elocuentes. Ademais, é un período en que abrollan os cadros declamatorios á par de orfeóns e coros que ao pasar de século se formalizarán en grandes sociedades e institucións grazas ao impulso renovador lanzado polas Irmandades da Fala.

LIBROS CURIOSOS. SÉCULO XIX

Dentro da relación de libros gardados na Academia aparecen algúns que, por unha outra razón, merecen ser destacados.

Para comezar, o libro máis vello clasificado neste treito temporal titúlase *Proezas de Galicia* (1810), de José Fernández y Neira. Un testemuño vivo da guerra de guerrilla contra a ocupación francesa que o propio autor viviría en carne propia ao ser ferido en combate. Fernández y Neira traballou na Junta Suprema del Reino de Galicia no tempo en que a institución exercía plena soberanía mentres o resto do Estado español continuaba baixo o mando de José Napoleón cos Borbóns fóra do país. As *Proezas* son unha peza clave dentro da cronoloxía da recuperación do galego escrito.

O impresor foi Manuel María de Vila, co negocio situado na coruñesa rúa da Barreira. Vila traballaría tamén en Santiago de Compostela, onde posiblemente rexentase unha librería. Os seus derradeiros días pasounos en Pontevedra onde a familia, tras a súa morte, continuaría co oficio. A súa filla Antonia Vila casaría con Juan Verea, tamén impresor.

Nos albores da literatura en galego aparécenos Pardo de Andrade, figura senlleira do xornalismo e persoa de notable formación cultural. De orixe fidalga, escribiu un libro de inesperado éxito e de profusa edición como *Os rogos d'un gallego establecido en Londres* (1813), saído da Casa Tipográfica de El Diario e de forma anónima. A obra sería vítima da represión inquisitorial pero o seu autor xa andaba exiliado por Inglaterra e Bélxica.

Co romanticismo avívase o interese polo pasado medieval. Ademais da publicación de novelas e poemarios con clara evocación cabeleiresca ou aventuras narradas entre castelos e revoltas, comezan a publicarse edicións de tratados literarios ou estudos medievais. Na colección da Academia encontramos varias edicións do cancionero de Baena (Rivadeneira 1851; Brockhaus 1860) ou referencias á documentación monástica nos traballos de José Villaamil Castro (*Los Códices de las iglesias de Galicia en la Edad Media*, 1874; ou *Estudio histórico acerca del señorío temporal de los obispos de Lugo en sus relaciones con el municipio (en la Edad Media)*, 1897).

No segundo cuarto de século Téofilo Braga, filólogo que chegou a presidente da República portuguesa, edita o *Cancioneiro português da Vaticana* (Imprensa Nacional, Lisboa, 1878), que supuxo un descubrimento absoluto para a cultura galega pois con esta obra documentábase a produción literaria medieval e silenciaba (que non calaba, porque a ignorancia dos *imbéciles e escuros* contra Galiza impuñase sobre a razón textual e documental) as continuadas negacións dun glorioso pasado letrado para as letras galegas.

A esta edición uniríanselle outras como a do cancionero de Colocci-Brancuti (1880), impreso por Niemeyer na cidade saxona de Halle; as *Cantigas* (1889) de Afonso X saídas da imprenta de Aguado en Madrid; e xa en 1900 sae a *Crónica Troyana* da imprenta da Casa de Misericordia da Coruña, cun estudo do latinista e lexicógrafo Manuel Rodríguez Rodríguez en edición de Andrés Martínez Salazar.

Para acabar coas referencias medievais, destaca un libro con dedicatoria manuscrita de Hugo Albert Rennert a Manuel Murguía: *Macías 'O Namorado': a Galician troubador*, publicado en Philadelphia, onde exercía docencia. O estudo sería traducido ao castelán por José Carré Alvarellos e publicado en 1904 na imprenta de Ferrer, A Coruña. Na inicial nota do tradutor lemos: “se verá la atención que á nuestras cosas prestan los extraños, contrastando con la indiferencia con que las suelen mirar los propios”.

A Academia tamén conserva as dúas primeiras antoloxías da literatura galega: *El Álbum de El Miño* (1858, Vigo), cun patriótico prólogo do editor e impresor Juan Compañel; e o *Álbum de la Caridad* (1862, A Coruña), publicado pola imprenta do Hospicio coruñés, que recolle os textos dos Xogos Florais celebrados o ano anterior e un amplo anexo titulado “Mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos”.

Os libros de difícil acceso ou localización aparécennos neste catálogo. Por exemplo, *Monografías de Santiago* (1850), de Neira de Mosquera, se cadra o derradeiro libro impreso en Compostela polos Compañel; a primeira edición do *Diccionario gallego-castellano* (1863), de Francisco Xavier Rodríguez; *Contos da miña terra* (1864), de Rosalía de Castro; *Compendio de gramática gallega-castellana* (1864), de Francisco Mirás; *A campana d’ Anllóns. El canto de un brigante* (1866), o famoso poema de Pondal saído da coruñesa imprenta de Eusebio Cascante; *A fada dos montes* (1872), tamén de Pondal; *A fonte do xuramento* (1882), a peza de teatro de Francisco María de la Iglesia; o *Diccionario gallego-castellano* (1884), de Valladares, que sae da imprenta do Seminario Conciliar Central, en Santiago de Compostela; e o estatutos do *Consistorio de Xogos Frorais de Galicia* (1891).

A titánica obra de Sarmiento atraeu o interese dos rexurdimentistas, por riba de todo dos pontevedreses que reivindicaban a súa orixe na boa vila. Emilio Álvarez Giménez, profesor do Instituto de Pontevedra, publica *Biografía del R. P. Fray Martín Sarmiento y noticia de sus obras impresas y manuscritas* (1884). Á vez, Antolín López Peláez iniciaría a súa singular obra apoloxética de Sarmiento: *El gran gallego* (1895) ou *Los escritos de Sarmiento y el siglo de Feijoo* (1901).

Este bloque ímolo rematar citando o discurso de Alfredo Brañas, pronunciado durante un acto de homenaxe por parte da prensa santiaguesa. O discurso aparece en galego malia ser dado en castelán: “traducido pol-a Redaución d’A *Monteira*”. Refírese ao xornal monolingüe saído na vella *Lucus Augusti*. Á tarefa xornalística dedícalle estas palabras o apóstolo rexionalista:

¡Sexa todo por Galicia e pra Galicia! Convén moito autivar á nosa propaganda. Xa vexo que vostede non descansa [refírese ao director, Amador Montenegro Saavedra]. Teño confianza en que cando nos leyan é nos entendan os labregos, os traballadores, e decir, os que sofren, emigran, morren de fame e pagan trabucos, ó noso trunfo será seguro e comprobante.

Aquí seguimos.

EDITORIAL E IMPRENTA. SÉCULO XX

Ao longo do século XIX a cidade da Coruña gañara, con razón, o privilexio de ser o centro da produción libresca en galego e un dos espazos de dinamización político-cultural con capacidade de intervención na esfera pública.

Aquela doutrina promovida polos rexionalistas da Cova Céltica crearía axiña escola. Porque debemos poñer en comunicación iniciativas editoriais e impresoras da anterior e da posterior xeración. Esta alianza poderíase encarnar en persoas coma Manuel LUGRÍS FREIRE, bo representante desa unión xeracional dos vellos rexionalistas e os novos nacionalistas organizados nas Irmandades da Fala.

Por esta razón aparécense tres proxectos editoriais que, en certa maneira, van unidos coma elos dunha mesma cadea. O primeiro nace á beira de *El Noroeste* durante o período de Antón Villar Ponte como director e co inicial soporte económico da *Lliga* de Francesc Cambó. A imprenta leva o nome do xornal e a editorial chámase Prensa Gallega. Entre 1917 e 1919 sacan o suplemento titulado ¡Terra a Nosa! que, pouco despois, tomará forma de colección literaria dentro da chamada Bibrioteca Popular Galega. En número dominarán as obras asinadas polos veteranos rexionalistas como LUGRÍS FREIRE, Martelo Paumán ou Florencio Vaamonde, e devagar axexan as novas incorporacións da literatura galega como Vicente Risco, Antón Villar Ponte ou o malogrado Lois Porteiro Garea.

A posterior aparición na Coruña da imprenta e editorial Lar (1924-1928), formada polo director Leandro Carré Alvarellos e o administrador Ánxel Casal, e da famosa editorial Nós (1927-1936), ambas constituídas nos círculos do republicanismo con conciencia de país, enténdese como un punto máis desa recta ascendente para a produción do libro galego. Mais debemos puntualizar a marcha de Nós a Compostela no feliz ano da proclamación da República en 1931.

Na Biblioteca da RAG consérvanse medio cento de obras saídas de Lar e asinadas por cada vez menos autores veteranos e máis autores novos. Dos Uxío Carré, Aurelio Ribalta ou Florencio Vaamonde pasamos aos Vicente Risco, Otero Pedrayo, Amado Carballo ou a tríade lírica das Irmandades: Ramón Cabanillas, Gonzalo López Abente e Victoriano Taibo.

Tamén se debe citar unha nónima de autores con apenas produción literaria, polo cal a súa participación en Lar foi un feito anecdótico para a nosa literatura. Neste caso atopamos *O karma de Farruco Filgueira* (1926), de Ánxel Romero Cerdeiriña; *Contos* (1927), de Alfredo Canalejo; *A pecadenta silenxosa* (1927), de Manuel Bergueiro; *Morta!* (1927), de Celestino Noya; ou *Loita* (1927), de Rafael Fernández Casas, asasinado en Trasanquelos no 36.

A editorial Nós representa a aposta máis firme pola literatura galega. Casal, excalde de Compostela vítima do feixismo, estaba acompañado nesta colosal tarefa pola súa compañeira, María Miramontes. Ademais, a imprenta sita na rúa do Vilar converteuse tamén en vivaz parladoiro dos nacionalistas como certificou Luís Seoane nun coñecido debuxo.

Na época en que Nós estivo na Coruña, sita na rúa Real, comezou a súa prolífica tarefa coa aparición en 1927 da *Historia sintética de Galicia*, de Ramón Villar Ponte. A partir de entón florecerían moitos dos títulos fundamentais da literatura galega de preguerra. Se citamos só aqueles impresos na Coruña, atopamos escritores como López Cuevillas, Correa Calderón, Manuel Antonio, Vicente Risco, Xohán Vicente Viqueira, Castelao ou Otero Pedrayo, quen máis libros publicou nesa altura. Pro, como dixemos antes, Casal trasladaría o negocio a Santiago de Compostela.

Antes de pasar á actividade editorial en Santiago, hai que facer mención da Coruña, cidade que ofrecía un espazo amplo de imprentas e editoriais con traballos menos frecuentes en canto á publicación do libro galego. En todo caso, cómpre subliñar a importante actividade económica arredor do mercado editorial.

Da imprenta Ferrer falamos no apartado dedicado ao século XIX. No comezo do XX continuaba a ofrecer libros como *Mareiras* (1904), de LUGRÍS Freire, ou *Los trovadores gallegos* (1905), de Manuel Murguía. Pola mesma época aparecen na Litografía, Imprenta y Librería L. Lorman *Contos* (1909), do mencionado LUGRÍS, ou as *Poesías* (1920), de Francisco Añón en edición prologada por Uxío Carré e cunha fermosa portada; na imprenta Roel outros títulos do dobremente citado LUGRÍS, como foi *O pazo* (1917), ou *Néveda* (1920), de Francisca Herrera; e, dentro desta relación, está a Imprenta de Zincke Hermanos, con obra do triplemente citado LUGRÍS, como foi a *Gramática do idioma galego* (1922); *Andeiro* (1922), de Martelo Paumán; ou unha reedición de *Queixumes dos pinos* (1935), de Pondal.

Estas imprentas e editoras dalgún xeito cobren os baleiros deixados polas tres grandes empresas do libro galego citadas ao inicio (El Noroeste, Lar e Nós). En todo caso, houbo outros volumes impresos de forma anecdótica polo Instituto de Estudios Gallegos (creado para competir coas Irmandades da Fala), Tipografía Obrera ou a curiosísima Sociedad de Amigos de los Árboles.

Dende que chega a República, a referencia do libro galego móvese da Coruña a Santiago de Compostela tras as pegadas de Casal. Ademais de editar e imprimir novelas ou poemarios que conforman unha abondosa parte da mellor literatura en galego, tamén imprimiu a prensa de tendencia

nacionalista ou de esquerdas, así como os suplementos do Seminario de Estudos Galegos.

No momento en que Ánxel Casal se establece en Santiago de Compostela, a imprenta con maior produción na cidade (dos volumes conservados nos fondos da Academia, lembremos) era El Eco Franciscano, que aínda se mantén aberta como editorial con sede na praza de San Francisco, espazo dominado pola imponente fachada eclesiástica e a escultura feita polas mans de Francisco Asorey. A imprenta homónima apareceu para dar saída ao xornal católico. Neste establecemento imprimíronse un feixe de títulos de autores católicos como Samuel Eixán: *Mágoas* (1913), *D'a-y-alma* (1915) e *Froliñas de San Francisco* (1926); ou do párroco Manuel Posse Rodríguez, *Paisaxes* (1925) con cuberta de Camilo Díaz Baliño.

Nun caso semellante está El Eco de Santiago, que actúa como xornal, editora e imprenta de orientación católica. Ao longo das páxinas do periódico atopamos colaboracións de rexionalistas como Alfredo Brañas, Juan Barcia Caballero ou Aurelio Ribalta. Do seu obradoiro saíron libros de Victoriano Taibo (*Abrente*, 1922; con cuberta de Álvaro Cebreiro), Cota-relo Valledor (*Sinxebra*, 1923; *Lubicán*, 1924) ou dúas edicións d'*O fidalgo* (1918, 1925) de Xesús San Luís Romero. Esta última obra, unha peza teatral dividida en tres actos, acadou unha tremenda sona dende a súa estrea no Teatro Principal de Compostela o 17 de xaneiro de 1918. A segunda edición, con cuberta de Díaz Baliño, tivo unha tiraxe de 3000 exemplares e fora xa representada 66 veces!

Despois, coma no caso da Coruña, aparecen imprentas ou editoriais que publican puntualmente en galego. Nalgúns casos son presumiblemente edicións de autor, como *Da vella roseira* (1925) escrita por Victoriano Taibo nunha edición de peto con cuberta de Díaz Baliño; ou *Diario dunha viaxe de nazonalistas* (1934), de Álvaro das Casas impreso no obradoiro do Seminario baixo o selo Edizóns Alento.

Quédanos, dentro dos egrexios proxectos a prol do libro galego, a determinación tomada por Xaime Quintanilla e Ramón Villar Ponte en Ferrol para sacar Céltiga, como unha acción máis das Irmandades da Fala na cidade departamental. Ademais fixeron unha aposta pola promoción do relato e pola innovación vangardista en galego, tanto nos contidos literarios coma na escolla dos ilustradores que lles puxeron rostro ás portadas (Álvaro Cebreiro ou Cándido Fernández Mazas). Trátase de obras como *Alén* (1921), do propio Quintanilla que chegaría a alcalde despois fusilado no 36; *Luar* (1923), de Evaristo Correa Calderón, logo director de *Ronsel*; ou *O vello mariñeiro toma o sol e outros contos* (1922), dun Uxío Montes pronto

virado cara ao feixismo para se presentar como un dos fundadores de Falange Española.

Arredor de Ramón Villar Ponte, cando asume a dirección de *El Correo Gallego* (entón con sede en Ferrol), saen destas imprentas *Mal de moitos* (1921), de Charlón e Sánchez Hermida, e o interesante *Doctrina nazonalista* (1921), do propio viveirense.

A maioría das cidades galegas imprimirán libro galego mais de maneira esporádica e, nalgúns casos, varias obras dun mesmo autor local. Bos exemplos desta tipoloxía son a imprenta pontevedresa rexentada por Eladio Portela que publica as obras de José Rey González: *Frores murchas* (1914), *A musa da terra* (1915), *Latexos* (1925) ou *Frangullas* (1913 e 1928); a aposta ourensá de Alauda con obras de Álvaro das Casas: *O outro* (1930), *Pancho de Rábade* (1930) ou *Sulco e vento* (1931); a contribución de *Faro de Vigo* coa produción do cronista Avelino Rodríguez Elías: *O miñado e mais a pomba* (1913), *San Antón o casamenteiro* (1920) ou *Obras teatrales gallegas* (1930); ou a imprenta ourensá de *La Región* con Xavier Prado: *A carón d'o lume* (1918), *Marzadas* (1919), *Monifates* (1928) ou *Farsadas* (1928). En todo caso, das planchas aurienses (onde o meu avó materno, José González Berao, exerceu durante uns anos como administrador antes de partir a Caldas de Reis), saíron algúns outros títulos reseñables como as reedicións de obras de Lamas Carvajal, as *Parolas sobre a propiedade* (1918) de Arturo Noguerol ou *Estética da muiñeira* (1923), de Uxío Montes.

A partir de aquí temos unha relación de lugares con pobre produción. O caso máis chamativo, pola escaseza, é Vigo pois apenas están as *Cousas da vida* (1931), de Castelao; *Dos arquivos do trasno* (1926), de Rafael Dieste; ou *Dolmen* (1928), dun Urbano Moledo dirixente sindical da UXT fusilado o 10 de Nadal de 1936 canda outras once persoas, entre elas o meu parente Luís Martínez Román.

En canto á produción de libro galego fóra de Galiza, percíbese un cambio no centro cultural da emigración. Se no XIX era Cuba, no XX será A Arxentina. A metrópole de Buenos Aires tomará o relevo da activa vida sociocultural e, en particular, da actividade literaria. Unha actividade continuada tras a represión franquista que obrigará a exiliarse a numerosos intelectuais como Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor, Lorenzo Varela ou o propio Castelao, quen publicará na capital arxentina o seu *Sempre en Galiza*.

O autor con maior produción en galego no romper do XX, na capital arxentina, foi Roxelio Rodríguez Díaz, natural de Petín. Ademais de colaborar na prensa galega e dirixir *Lar* ou *Galicia*, deixou unha importante cantidade de libros monolingües. A maioría deles impresos en Contreras y

Sanz (despois só Contreras): os poemarios *Pingas d'orballo* (1921) e *Alentos da terra meiga* (1927), ou a peza teatral *¡Terra nosa!* (1923).

Polo demais, outras imprentas e casas editoriais arxentinas sacaron libros en galego de maneira puntual: Céltiga edita *Romances galegos* (1928), de Eduardo Blanco Amor, e o Centro Vilalbés as *Poesías gallegas* (1930), de José María Chao Ledo.

Pola contra, na Habana aparecerán soados títulos da literatura galega na imprenta La Universal de Ruíz y Hermano dende fins do século XIX. Son o caso d'*Os calaicos* (1894), de Florencio Vaamonde; *No desterro* (1913), de Ramón Cabanillas; ou *Suspiros d'a terriña* (1922), de Xosé Baña Pose. Pero ademais imprimiu *El regionalismo gallego* (1889), o principal documento doutrinal de Murguía; ou o xornal *La Tierra Gallega*, dirixido por Manuel Curros Enríquez.

Madrid volverá ocupar un posto destacado, sobre todo coa publicación de clásicos como Rosalía ou Curros na imprenta de Sucesores de Hernando. Na capital española tamén viron a luz volumes do multidisciplinar Cástor Méndez Brandón: *Canciones y poesías gallegas* (1908) ou *Os meus lurciños* (1908), ambos da imprenta Ricardo Rojas; ou Gonzalo López Abente: *Escumas da ribeira* (1911) ou *Alento da raza* (1918), da imprenta de Juan Pérez Torres. Por último debemos subliñar os libros vencellados á literatura medieval: as cantigas de Martin Codax tituladas *Las siete canciones de amor* (1915), na imprenta da Sucesora de M. Mineusa de los Ríos; unha tiraxe limitada como se le na nota de abertura: “Tirada de muy pocos ejemplares para distribución privada, y sólo se ponen a la venta diez, al precio de veinticinco pesetas”; *Los hermanos Eans Mariño* (1933), de Cotarelo Valledor, da Tipografía de Archivos; ou *La literatura medioeval en Galicia* (1929), de José Mouriño, na Compañía Ibero-Americana de Publicaciones.

Barcelona testemuñaría a publicación de varias obras de militantes irmandiños como o *Discurso do Dr. Porteiro ó fundarse a Hirmandá en Santiago* (191?), por Hijos de Domingo Casanovas; ou *A bida labradora* (1917), de Rodrigo Sanz en Editorial Catalana. Non podemos deixar fóra *El idioma gallego* (1935), do erudito Couceiro Freijomil impreso na editorial de Alberto Martín.

LUGAR DE PUBLICACIÓN. SÉCULO XX

A Coruña mantense como a cidade impresora do libro galego. Os proxectos ligados ás Irmandades da Fala e posteriormente os iniciados por Carré Alvarellos e Casal confirman a urbe herculina como a campioa da produción da literatura galega.

O traslado da editorial Nós a Compostela supuxo mudar de localización a maior empresa editorial. A actividade intelectual, organizada arredor do Seminario de Estudos Galegos, atopou na empresa de Casal o aliado necesario para sacar á luz as investigacións. A isto sumarémolles todo o elenco de creación literaria dos chamados escritores da xeración Nós, que Ramón Villar Ponte bautizou durante o seu valente discurso de ingreso na Academia cun se cadra máis certo xeración do 16 en lembranza do ano fundacional das Irmandades da Fala.

En canto ao número de libros publicados, en galego ou con fragmentos na nosa lingua, o seguinte lugar neste particular *ranking* xeográfico é Madrid. Na anterior epígrafe referímonos á publicación de libros clásicos, tanto de Rosalía coma de Curros, ou edicións ligadas á literatura medieval galega.

A vila do Lérez, Pontevedra, vivirá nas décadas dos 20-30 unha notable dinamización nacionalista á calor de persoeiros como Losada Diéguez, Castelao ou Alexandre Bóveda. Nesta órbita aparecen en 1922 obras de Amado Carballo, *Maliaxe*; Ramón Cabanillas, *O cabaleiro do Sant-Grial*; do citado Losada Diéguez, *Camiñantes*; e, xa no 1927, *Proel*, de Amado Carballo. Estes volumes saíron do selo editorial Alborada, que viña ser a responsable de *Alborada. Publicación literaria*, revista integramente en galego. Dentro desta relación tamén queremos destacar dous títulos máis saídos á calor do círculo nacionalista: *Antre dous séculos* (1934), de Xerardo Álvarez Limeses con prólogo de Castelao, impreso no negocio de Julio Antúnez; e *Berro en lembranza dos herois de Carral* (1934), editado pola Federación de Mocidades Galeguistas e asinado por Xosé María Álvarez Blázquez, sobriño do mencionado Xerardo.

Tanto Ourense coma Lugo contribúen á aparición do libro galego pero sempre a moita distancia da actividade da Coruña ou Santiago de Compostela. En Auria apareceron libros de Couceiro Freijomil (*Lóstregos*, 1925; ou *Ortografía gallega. Bases para su unificación*, 1929) ou os publicados por unha moi previa editorial Galaxia, sen relación coa editora fundada en 1950: *O purgatorio de D. Ramiro* (1926), de Ramón Otero Pedrayo; e *Muiñada d'estrelas* (1926), de Augusto María Casas. Un proxecto editor, con imprenta nas planchas de *La Región*, de brevísimas páxinas cunha edición ben coidada

que, malia todo, non tivo continuación. Por outra parte reedítanse obras de Lamas Carvajal na imprenta de *El Eco de Orense*, xornal que dirixira el mesmo. Non podemos abandonar este punto sen citar unha das obras claves deste terzo do século xx: a *Teoría do nacionalismo galego* (1920), de Vicente Risco, saído da imprenta de *La Región*.

Se saltamos agora á *fraga amurallada*, encontramos autores de primeira orde coma Florencio Vaamonde (*Mágoas*, 1901), Amor Meilán (*No valado*, 1918), Evaristo Correa Calderón (*Ontes*, 1928) ou Aquilino Iglesia Alvariño (*Señardá*, 1930).

Dentro do territorio galego, aparecen libros en lugares con especial vencello co autor. Son casos como *Falemos a nosa fala* (1930), que aparece na Estrada da man de Manuel García Barros; *Pensando detrás do lar* (1932? 1935?), de Guillermo Vázquez, publicado no seu Betanzos natal; *A man de Santiña* (1921) e *A rosa de cen follas* (1927), impresas en Mondariz-Balneario grazas ao mecenado de Enrique Peinador, amigo de Ramón Cabanillas; *Lóstregos e moxenas* (1926), de José Traperero Pardo, quen desenvolveu vida xornalística na vella capital de Mondoñedo e onde fundou o semanario *Vallibria* no cal estreou os seus dotes literarios Álvaro Cunqueiro; *Fuchicadas* (1927), impreso pola editorial do xornal *El Tea* de Pontearreas, onde nacera o seu autor Pedro Borreiro (pseudónimo do dirixente agrarista Saturnino Piñeiro); ou *Cantigas y cantares* (1928), asinado por Mario Canda cando andaba nos quince anos de vida en Ribadavia. Este libro, por certo, conta con prólogo do entón presidente da Academia Galega Eladio Rodríguez, en castelán (sic).

Fóra de Galiza, e como expuxemos nas anteriores páxinas, destacan as cidades de Madrid ou Barcelona, e Atlántico mediante, Buenos Aires e A Habana. Alén delas aparecen lugares que por distinta casuística deron ao mundo libros relacionados coa literatura galega. Por exemplo, *Elementos de gramática histórica gallega* (1909), de Vicente García de Diego, que sae en Burgos; tres obras de Otero Pimentel en Cádiz: *Camiño de Santiago* (1904), *As campanas de Duxame* (1906) e *Madre ejemplar* (1914); ou Luarca, que acolle a aparición de *Montañasas* (1904), de Noriega Varela, e mais *A pátreia d'o labrego* (1905), de Antón Villar Ponte.

Para rematar este apartado deterémonos en Alemaña e Portugal, dous países que aparecen nesta nómina grazas á publicación de asunto medieval. En Coímbra na imprenta universitaria saen en 1932 *Da poesía medieval portuguesa*, de Aubrey Bell (en tradución de Antónío Álvaro Dória); e *Cantigas d'amor dos trovadores galego-portugueses* (en edición de José Joaquim Nunes). Na cidade do Porto imprímense os traballos de José Leite de Vasconcellos, coma *Estudos de philologia gallega* (1902). Lisboa será a responsable de ollar

as edicións de José Joaquim Nunes *Chrestomathia archaica* (1906) ou *Florilégio da literatura portuguesa arcaica* (1932); ou os traballos de Rodrigues Lapa, *Das origens da poesia lírica em Portugal na Idade-Média* (1929) ou *Os vilancicos. O vilancico galego nos séculos xvii e xviii* (1930); ou as importantes achegas de Carolina Michaëllis de Vasconcellos, *Glossário do Cancioneiro da Ajuda* (1921) ou de José Leite de Vasconcellos, *Textos romanicos escolhidos* (1921).

En canto ao país xermano, encontrámonos coas cidades de Hamburgo: *Die Landwirtschaftlichen Geräte im Osten der Provinz Lugo (Spanien): sach- und wortkundliche Untersuchungen* [Maquinaria agrícola no leste da provincia de Lugo (España). *Pesquisa material e léxica*] (1932), asinado por Walter Ebeling; ou esoutra *Die Gegenstandskultur Sanabrias und seiner Nachbargebiete* [A cultura popular na Seabra e as súas áreas veciñas] (1925), escrito por Fritz Krüger; ou *Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense-Spanien)* [Estudos sobre o galego na bacía da Limia (Ourense – España)] (1936), dun Hans Schneider que se convertía así nun pioneiro da dialectoloxía galega; Heilderberg, onde sae *Die Nordwestiberische Volkskultur* [A cultura popular do noroeste ibérico] (1927), de Fritz Krüger; e Halle-Saale, onde Max Niemeyer imprime o *Cancioneiro da Ajuda* (1904).

XÉNERO LITERARIO. SÉCULO XX

Se no século xix a poesía ocupaba boa parte da creación literaria galega, no século xx será a prosa. Este cambio prodúcese por unha serie de circunstancias que van dende as tendencias estéticas europeas até o contexto político. A súa análise precisaría dun outro traballo pero deslicemos dúas liñas ao respecto: primeiro, a decadencia do romanticismo a favor do naturalismo, do realismo ou do impresionismo; segundo, o proceso de constitución do Estado moderno na España restauracionista que establece (seguindo os presupostos ideolóxicos de Cánovas del Castillo) o castelán como lingua nacional e as outras linguas como anexos subordinados. Neste sentido, o último cuarto do xix presencia un intenso debate sobre a habilitación do galego como lingua prosística (tamén sucede en Catalunya coas tensións vividas, por exemplo, coa obra de Àngel Guimerà). Como resposta aparecerán os primeiros periódicos monolingües en galego como *O Galiciano* (Pontevedra), *O Tío Marcos d'a Portela* (Ourense) ou *A Monteira* (Lugo).

O compromiso co país e coa súa cultura prosegue no xx dando maior espazo xornalístico á prosa en galego. Sen dúbida *A Nosa Terra*, fundada como voceiro das Irmandades da Fala, será o órgano de referencia até 1936.

A práctica escrita de contos, relatos ou novelas supón unha afirmación do carácter do galego como lingua, fronte aos anatemas do Madrid máis centrípeto. Desta maneira, como dicimos, a explosión da novela e do relato na lingua propia de Galiza será unha realidade no primeiro terzo da centuria, e mais despois. Nos anteriores apartados fixemos un repaso por iniciativas ligadas a esta razón como foron as coleccións Céltiga de Ferrol ou despois Lar e Nós.

En relación con isto cómpre sinalar a publicación de prosa académica e investigadora. A propulsión dada polo Seminario de Estudos Galegos (encargada de emendar o desleixo oficial da universidade compostelá) resultará crucial. Aquí aparecen estudos fundamentais en distintos ámbitos, sobre todo a arqueoloxía (López Cuevillas ou Bouza Brey) e a etnoloxía (Xocas ou Ben-Cho-Shey), dúas áreas útiles para completar as arestas dun discurso étnico-político nacionalista.

A poesía continuou a ser un ámbito predilecto da literatura galega. Realmente, a figura do escritor nacional seguía pegado á lírica, como exemplifica con plenitude a obra de Ramón Cabanillas. A carón del aparecerán obras cimeiras da nosa historia: *De catro a catro*, de Manoel Antonio; *Proel*, de Amado Carballo; ou os primeiros *lances* literarios de Aquilino Iglesia Alvariño ou Álvaro Cunqueiro, ambos procedentes da escola formativa mindoniense.

Por último, o teatro vivirá un tempo de auxe á calor da constitución de grupos dramáticos e dunha demanda de textos en galego. Pensemos que en 1903 se funda a Escola Rexional de Declamación, presidida por Lugrís Freire e cun Galo Salinas produtor de textos (*A Ponte*, 1903; *Minia*, 1904; ou *Mareiras*, 1904). E xa as Irmandades da Fala, esa verdadeira fronte político-cultural do nacionalismo contemporáneo, fundan en 1919 o Conservatorio Nazonal do Arte Galego que estreará obras coma *Donosiña* (1919) de Xaime Quitanilla, e que en 1922 tomará o nome de Escola Dramática Galega so a dirección de Leandro Carré Alvarellos, quen á súa vez foi un activo escritor teatral.

LIBROS CURIOSOS. SÉCULO XX

Obras e autores curiosos, frecuentadores das marxes literarias, abundan nesta colección de obras gardadas na Academia Galega. Ambos transitan polo primeiro terzo do século xx levando ao carrelo datos que espertan, ou desexamos que esperten, o interese lector.

Un bo exemplo é Roxelio Rivero, natural das Neves e xornalista transeúnte por cabezallos de lugares diversos. Toda a súa obra literaria foi en galego, tanto a narrativa coma a dramática, cun rechamante éxito popular. Un autor desaparecido entre o peso do tempo e os criterios estéticos da crítica ou da historia literaria que arrombaron a escrita humorística ou de ocasión. José Antonio Durán, en *Crónicas. Entre el anarquismo agrario y el librepensamiento* (1977, p. 106), di “sus libros se repetían de memoria por el campesinado”.

A primeira obra de Rivero, *Fungueirazos* (1916), non se conserva na Biblioteca da RAG pero queriamos sinalar que foi reseñada dende as páxinas da novísima *A Nosa Terra* como *outavoz* das Irmandades da Fala. Por iso, o segundo libro (este si conservado na Academia) saíu da editorial e imprenta de *El Noroeste* so control irmandiño: *Na casa d'o ciruxano. Xoguete cómico* (1919). Unha peza que, por certo, aínda hoxe se leva ás táboas teatrais.

Máis adiante, tras emigrar a Portugal, publicaría *Galicia rindo* (1924), nunha edición de autor saída da Tipografía Ibérica sita en Lisboa. A portada, de Vidales Tomé, retrata o rostro dun sorrinte labrego. Coas outras obras pódese palillar un tipo de documento de valor etnográfico, na medida en que retrata a vida popular no agro, e de valor lingüístico por mor do uso dun galego dialectal.

Na mesma liña están os versos e o relato dun entón mociño Manoel Canto Lourido, *D'a terra* (Mondoñedo, 1918), feito na vella imprenta Mancebo. Ademais de retratar escenas da vida popular, incorporar supersticións ou defender a lingua galega, inclúe un curioso poema cantando a industria naval: “Brindis n-a botadura do Electra do Masma”.

Un outro autor prolífico en lingua galega, xa citado, foi José Rey González. A súa obra redúcese apenas aos anos 1910-1915, e a un poemario bilingüe de 1925. A súa obra *Frangullas. Versos gallegos* (1910), de notoria voluminidade, coñeceu varias edicións posteriores: na segunda (1913) lemos esta nota:

2.^a edición coidadosamente corrixida pol-o autor, que soprimiu d'ela bó número de composicions, interpuxo algunhas outras, e librou as mais de certos defeutos de linguaxe que as facían desmerescer.

A terceira edición (1928) tamén sería corrixida e aumentada.

A casualidade quixo que nese mesmo ano de 1910 aparecese en Ourense outro poemario con idéntico título firmado por Cástor Méndez Brandón, tamén autor de especial procacidade literaria pola mesma época:

Canciones y poesías gallegas (1908), *Os meus lurciños* (1908), *Frangullas* (1910) e *Celanoverías* (1913). O escritor, de formación letrado, internouse no mundo do canto lírico (barítono) e chegou mesmo a alcalde de Celanova.

Un último autor, de inicios de século e con nutrida obra, foi o crego Manuel Vidal Rodríguez, próximo tanto ao Basilio Álvarez de *Acción Gallega* coma a Emilia Pardo Bazán. Na nosa lista a traballar, porén, atopamos só dúas obras: *Don Porrazo ó Mi cubierto de plata* (1909) e *Deixe que xa...* (1931), de corte costumista. Un dos relatos incluídos nesta última obra, “Manzanos en despoblado”, acolleuno con gratitude unha sociedade de amigos da árbore. Os fondos da Academia tamén gardan un breve *Obsequio a los niños en la fiesta del árbol de 1914*. O castiñeiro (1914), feito polo rexionalista Uxío Carré Aldao e editado pola Sociedad de Amigos de los Árboles constituída en 1911 na Coruña.

Na Tipografía Regional, con domicilio en Tui, aparece o até entón inédito *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (1923) do precursor da filoloxía galega, Martín Sarmiento. No prólogo sen asinar explícasenos a orixe da publicación. Un anónimo, de notable formación humanística e bos coñecementos da lingüística galega, ligado ao Seminario de Tui confesa que na súa biblioteca atopou un “precioso volumen, donde campean los primores de estilo y sobre todo los conocimientos del famoso hijo de San Benito en ciencias naturales”. O reverendo Ricardo Beade, continúa a crónica prologal, pon nas mans deste editor descoñecido un manuscrito “que constituye un verdadero tesoro de investigaciones filológicas [sic] acerca del idioma gallego”. Este fino ollo analítico disque corresponde a Lago González (futuro arcebispo de Santiago de Compostela), segundo opinión de José Luís Pensado.

Xa que tratamos aspectos da filoloxía galega, cómpre mencionar o voluminoso *Filología de la lengua gallega* (1918), saído da tipografía El Eco Franciscano co nome de José de Santiago y Gómez. O autor, nado en Vigo en 1858, fíxose célebre na súa cidade natal coa obra *Historia de Vigo y su comarca* (1896) e deixou distintos estudos sen finalizar relacionados coa historia galega. En calquera caso, a citada obra filolóxica realiza un percurso pola historia externa da lingua.

Seguimos neste vieiro lingüístico citando *Verbo dos arginas. Jerga-latín de los canteros* (1931), de Julio Ballesteros Curiel. O estudo procura facilitar o coñecemento desta xerga dende hipóteses disparatadas (afirma ser a lingua dos primeiros poboadores de Galiza) pero que, en troques, ofrece un escaparate de recursos e apuntamentos útiles para posteriores traballos. Despois da guerra, e tras combater de forma voluntaria no lado franquista, publicaría

en galego *Naiciña de aldea* (1947). Un título que queda fóra da nosa etapa pero que coidabamos oportuno citar por ser un dos primeiros en usar o galego tras a golpe feixista.

Para completar este elenco temos *Ortografía gallega. Bases para su unificación* (1929) de Couceiro Freijomil e con apéndice de Abelardo Moralejo; ou *Elementos de gramática histórica gallega* (Burgos, 1909), de Vicente García de Diego. Este autor traballara no instituto de Pontevedra onde frecuentou ámbitos de tendencia rexionalista.

En canto a traballos lexicográficos atopamos *Vocabulario santamar-tés u ortigueirés* (1903), do emigrante Julio Dávila Díaz, quen asina tamén o curioso *Barbarismos de la inscripción del monumento a los Mártires de Carral* (1907), ambos vistos á luz en Buenos Aires. O autor era de firme compromiso co idioma ao ser fundador, tesoureiro e secretario da Asociación Protectora da Academia Galega de Buenos Aires. Máis tarde ingresaría na RAG.

Ao xeito de manual de aprendizaxe ou libro didáctico aparece *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega* (Lugo, 1912), do lucense Manuel García Blanco. Trátase dun volume incardinado a fomentar o uso idiomático e a favorecer unhas actitudes positivas cara ao galego.

A vindicación idiomática atopámola nun curioso libro titulado *¡Fala armoñosa non morrerás!* (1916), do catalán Miguel Ventura Balaña e con prólogo de Aurelio Ribalta, que entón aparece como un dos instigadores da fundación das Irmandades da Fala. O libro conservado na Academia aparece cunha banda ou pegatina en diagonal coa seguinte lenda. “A Bibrioteca do Pobo Gallego e a primeira pubricazêón d’obriñas en lingoa gallega qe fai a rêbista ‘Estudios Gallegos’”. O volume publícase en Madrid na imprenta do Asilo dos Orfos e conforme á “ortografía da rebista Estudios Gallegos”; é dicir, conforme á singular opinión ortográfica de Ribalta. Na contracuberta do libro aparecen anunciadas próximas publicacións de autores como Curros Enríquez, Afonso X, Rosalía, Añón, Pondal, de carácter popular, e outras asinadas polos citados Balaña e Ribalta.

Para este repaso sobre os libros da RAG atopamos unha imprenta de aparencia enigmática: Ministerio de Marina. Desta alta institución do Estado saíu *Campesinas y cortesanas* (1909), do ártabro Ángel Pardo Puzo con prólogo de Galo Salinas. A escolla de tan singular casa impresora débese ao cargo de oficial de marina do seu autor, excombatente en Filipinas.

Noutra orde, pero igualmente rechamante, é a publicación de *Canciones gallegas*, un breve libríño coas cantigas interpretadas polo coro Cántigas

da Terra publicado na capital cántabra por iniciativa da Colonia Gallega de Santander contra 1920.

Dunha maneira anecdótica, pero que non imos deixar de citar, aparece en 1905 un poemario co fermoso título de *Acuarelas*. Asina Sarah Lorenzana, nome artístico da pedagoga Sarah Escarpizo Couto, nada en Cangas de Morrazo a finais do XIX. O libro só inclúe un poema en galego: “Meu Leres”. A súa actividade letrada merece unha visita e maior atención como mostra dos pasos dados polas mulleres para facerse un sitio na esfera literaria.

No Nadal de 1936, con toda a maquinaria feixista aplicada á represión, aparece *Fala d’as musas*, dun Daniel Pernas Nieto natural de Abadín e formado no seminario de Santa Catarina de Mondoñedo. O volume de poemas saíu o 23 de decembro na imprenta de Fojo (Ortigueira), con prólogo de Álvaro Cunqueiro.

Finalmente, neste repaso de títulos curiosos, queremos citar o ensaio de José Ribeiro Alves Júnior (home de probada formación humanística) titulado *Influência da literatura galega na literatura portuguesa* (1931), publicado pola Casa do Livro en Lisboa. Nesta reflexión propón, entre outros temas, fixar a condición do galego como lingua e como orixe do portugués fronte ás teses negacionistas de tal realidade sociolingüística hoxe incontestable grazas ao traballo do finado Fernando Venâncio. Este e outros lazos con Galiza xustificaron a elección e Alves Júnior como académico correspondente da Academia Galega.

Catálogo de libros e folletos (1800-1936)



ABELLA, Santiago

Carta abierta del innominado S.A. al... Secretario de la Real Academia Gallega don Eugenio Carré Aldao... / [Santiago Abella]

Buenos Aires : [s.n.], 1909

36 p. ; 18 cm

Sinatura: F-842, F-15861

ABELLEIRA, Constantino V.

Cousas e contos de por-aló / por Constantino V. Abelleira ("Veladoira")

Madrid : [s.n.], 1936 (Graphia)

106 p. ; 20 cm

Sinatura: 5515

ACUÑA, Manuel Luís

Firgoas : poemas 1930-1931 / Manuel Luís Acuña

Santiago : Nós, 1932

72 p. ; 23 cm

Sinatura: F-2873

AFONSO X

Cantigas de Santa María / de Don Alfonso el Sabio ; las publica la Real Academia Española

Madrid : [s.n.], 1889 (Est. tip. de Don Luís Aguado)

2 v. ; 34 cm

Sinatura: 1-2

AIRA BARRERA, Cástor de

Bágoas conxeladas / por Cástor de Aira Barrera

Lugo : [s.n.], 1916 (Tip. de La Voz de la Verdad)

81 p. : 1 retr. ; 19 cm

Sinatura: 2234, 41603

AIRA BARRERA, Cástor de

Facetas (poesías) / de Cástor de Aira Barrera

Lugo : 1927 (Tip. G. Castro)

85 p. : 16 cm

Sinatura: 7155

El **ÁLBUM** de 'El Miño' : colección de artículos literarios, historia, biografías, novelas, poesías / de Macías... [et al.]

Vigo : [s.n.], 1858 (Est. tip. de D.J. Compañel)

v. <1> ; 24 cm

Sinatura: 41961

ÁLBUM de la Caridad : Juegos Florales de la Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos

Coruña : Imp. del Hospicio Provincial, a cargo de D. Mariano M. y Sancho, 1862

482 p. ; 23 cm

Sinatura: 869

ÁLBUM de recuerdos de los señores Portela Pérez... [et al.] a la memoria del joven poeta Albino Simán...

Pontevedra : [s.n.], 1891 (Imp. de la Viuda e Hijos de Madrigal)

15 p. ; 27 cm

Sinatura: F-1188

ALCRUDO GORCHS, José

Posta de sol / por José Alcrudo Gorchs

A Cruña : Tip. de 'El Noroeste', 1919

31 p. ; 18 cm

Sinatura: F-778, 335, F-15779

ALGUERÓ PENEDO, J.

Revista local : apropósito del Carnaval de 1892 / por J. Alguero Penedo

Betanzos : [s.n.], 1892 (Est. tip. de los sucesores de Castaneiro)

26 p. ; 21 cm

Sinatura: F-13413

ÁLVAREZ, Daniel

Apropósito del Carnaval 1882 / escrito en verso por Daniel Álvarez

Coruña : [s.n.], 1882 (Est. tip. de Puga)

31 p. ; 21 cm

Sinatura: F-13412, F-10206, F-1558, F-14293

ÁLVAREZ, Daniel

Apropósito del Carnaval de 1885 / escrito en verso por Daniel Álvarez

Coruña : [s.n.], 1885 (Est. tip. de Puga)

35 p. ; 21 cm

Sinatura: F-9901

ÁLVAREZ, Daniel

¡Por un bastón! : apropósito del carnaval de 1887 / escrito en verso por Daniel Álvarez

Coruña : [s.n.], 1887 (Est. tip. de la Papelería de Ferrer)

39 p. ; 21 cm

